XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 2027

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Tronchoni Albert, director xeral de Xustiza, para facer constar que o convenio de colaboración que segue, que leva por título CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIOS ADECUADOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS (MASC) EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS, INCLUÍDOS OS ASUNTOS TRANSFRONTEIRIZOS EN GALICIA, NO EIDO DA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA, NO ANO 2026, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro do convenio orixinal que foi asinado de forma manuscrita o 16 de setembro de 2026.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Público Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

ILUSTRE COLEXIO PROVINCIAL DE ABOGADOS DE A CORUÑA
1760 - 2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E DEPORTES E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIOS ADECUADOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS (MASC) EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS, INCLUÍDOS OS ASUNTOS TRANSFRONTEIRIZOS EN GALICIA, NO ANO 2026, NO EIDO DA ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA, NO ANO 2026

Santiago de Compostela, a 16 de setembro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Augusto José Pérez-Cepeda Vila**, decano do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, actuando en representación deste, de acordo co disposto no artigo 69 da Orde do 24 de maio de 2023 pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de Xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Segundo.- O Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de Xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro) e o Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicamento legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de Autonomía de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 136/2024, do 20 de maio, que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, é de interese da Consellería fomentar a mediación extraxudicial para dar solucións prácticas, efectivas e rendibles a determinados conflitos entre partes, o que a configura como unha alternativa ao proceso xudicial ou á vía arbitral, contribuíndo á desxudicialización dos conflitos.

Cuarto.- O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins *(Orde de 24 de maio de 2023, pola que se aproban os estatutos do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña*). O ámbito territorial do Colexio abarca os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión, Muros, Noia e Ribeira.

Entre os seus fins esenciais (artigo 2 da mencionada Orde) atópanse, entre outros, o de colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de Xustiza; a defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución, e a promoción e defensa dos dereitos humanos; e a contribución á garantía do dereito constitucional de defensa e acceso á xustiza mediante a organización e prestación da defensa de oficio.

Defínese como unha das súas funcións a de organizar e xestionar os servizos de asistencia xurídica gratuíta e cantos outros de asistencia e orientación xurídica poidan crearse, especialmente en beneficio dos sectores sociais máis

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

desfavorecidos ou necesitados de protección.

Quinto.- A Lei Orgánica 1/2025 de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, impón unha serie de reformas procesuais entre as que destaca a potenciación da negociación entre as partes, directamente ou ante un terceiro neutral, partindo da base de que estes medios reducen o conflito social, evitan a sobrecarga dos tribunais e poden ser igualmente adecuados para a solución da inmensa maioría das controversias en materia civil e mercantil.

Os principios fundamentais do proceso colaborativo son: a boa fe, a negociación sobre intereses, a transparencia, a confidencialidade, o traballo en equipo –entre as partes, as súas avogadas e avogados e as terceiras persoas expertas neutrais que puidesen, no seu caso, participar– e a renuncia a tribunais por parte dos e das profesionais da avogacía que interviñesen no proceso, caso de non conseguir unha solución, total ou parcial, da controversia.

Sexto.- O artigo 2 da mencionada Lei Orgánica 1/2025 entende por medio adecuado de solución de controversias calquera tipo de actividade negociadora, recoñecida nesta ou outras leis, estatais ou autonómicas, á que as partes dun conflito acoden de boa fe co obxecto de atopar unha solución extraxudicial ao mesmo, xa sexa por si mesmas ou coa intervención dunha terceira persoa neutral.

Sétimo.- O artigo 5 da mencionada Lei Orgánica 1/2025 impón como requisito de procedibilidade para a admisión da demanda, coas excepcións previstas nos apartados segundo e terceiro, *"(...)acudir previamente a algún medio adecuado de solución de controversias dos previstos no artigo 2, entendendo por cumprido este requisito cando exista unha identidade entre o obxecto da negociación e o obxecto do litixio, aínda cando as pretensións que puidesen exercitarse, no seu*

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

caso, en vía xudicial sobre o devandito obxecto puidesen variar. Considerarase cumprido este requisito se se acode previamente á mediación, á conciliación ou á opinión neutral dunha persoa experta independente, se se formula unha oferta vinculante confidencial ou se se emprega calquera outro tipo de actividade negociadora, recoñecida nesta ou outras leis, estatais ou autonómicas, pero que cumpra o previsto nas seccións 1.ª e 2 ª, deste capítulo ou nunha lei sectorial. Singularmente, considerarase cumprido o requisito cando a actividade negociadora desenvólvase directamente polas partes, ou entre os seus avogados ou avogadas baixo as súas directrices e coa súa conformidade, así como nos supostos en que as partes recorresen a un proceso de Dereito colaborativo."

Oitavo.- No artigo 11 da Lei 1/2025, respecto aos honorarios das persoas profesionais que interveñan, establece que *«1. Cando as partes acudan ao proceso negociador asistidas polos seus avogados ou avogadas haberán de abonar os respectivos honorarios, salvo que se teña dereito ao beneficio de xustiza gratuíta. 2. Asegurarase a existencia de mecanismos públicos para a solución de conflitos de acceso gratuíto para as partes. Se as partes deciden optar por outros mecanismos no caso de que interveña unha terceira persoa neutral, os seus honorarios profesionais serán obxecto de acordo previo coas partes intervenientes. Se a parte convidada a participar no proceso negociador non acepta a intervención da terceira persoa neutral proposta unilateralmente pola outra parte, deberá esta abonar integramente, de habelos, os honorarios devindicados ata ese momento pola terceira persoa neutral.*

Noveno.- O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, por acordo do 23.04.2025 creou "**Servizos de MASC ICACOR",** o cal, entre outros, ofrece os servizos de oferta vinculante e invitación a negociar.

Dende a data do seu establecemento veñen funcionando con normalidade, chegando a tramitar ata o 27.04.2026, 509 servizos do programa MASC, dos

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

cales 237 foron ofertas vinculantes e 223 invitacións a negociar, é dicir, máis do noventa por cento.

Décimo.- A través deste convenio preténdese facilitar que as persoas beneficiarias do dereito á asistencia xurídica gratuíta poidan acceder, con carácter previo á eventual interposición dunha demanda na vía civil ou mercantil, aos servizos de invitación a negociar e de formulación de ofertas vinculantes prestados no marco do servizo MASC ICACOR, favorecendo a resolución extraxudicial dos conflitos e contribuíndo a unha utilización máis eficiente dos recursos públicos destinados á asistencia xurídica gratuíta.

Décimo primeiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- ***Obxecto***

O obxecto do presente convenio é regular as condicións da colaboración entre a **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** e o **Ilustre Colexio de**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

Avogados da Coruña para o financiamento e apoio, no eido da asistencia xurídica gratuíta, ao funcionamento do servizo de medios adecuados de solución de controversias —**servizo MASC ICACOR**— xa implantado polo dito colexio profesional, no ámbito dos asuntos civís e mercantís, incluídos, de ser o caso, os asuntos transfronteirizos en Galicia durante o ano 2026.

Segunda.- ***Obrigas do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña***

O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña comprométese a:

1. Remitir á Dirección Xeral de Xustiza, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos servizos MASC ICACOR durante o citado período trimestral que se atopen nas situacións previstas no obxecto do presente convenio.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
3. Cumprir o protocolo de actuación establecido na cláusula terceira deste convenio.
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
5. Someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa achega económica realizada.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación.

Terceira.- ***Protocolo de actuación.***

As solicitudes cursaranse con arranxo ás seguintes normas:

A persoa beneficiaria do dereito de asistencia xurídica gratuíta poderá optar entre presentar unha invitación para negociar ou unha oferta vinculante (artigo 5.1 parágrafo segundo, 10.2 e 17 LO 1/2025).

Para ese efecto, cumprimentará o formulario correspondente a unha ou outra opción, que se poderá descargar en www.icacor.es ou solicitar nas oficinas do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña.

Nos devanditos formularios, a persoa beneficiaria do dereito de asistencia xurídica gratuíta deberá indicar todos os datos identificativos das partes, a persoa designada de oficio para o seu defensa, o da parte contraria, se se coñece, a descrición do obxecto litixioso e, no seu caso, da proposta ou oferta vinculante.

Se a persoa beneficiaria do dereito de asistencia xurídica gratuíta pode acreditar que coñece un correo electrónico de uso habitual da parte contraria, a invitación para negociar ou oferta vinculante remitirase a través dunha canle de notificacións fidedignas, en colaboración co Consello da Avogacía Galega, a través dunha plataforma operada por un terceiro independente. O sistema de notificacións emitirá unha certificación da trazabilidade do envío —posta a disposición con posibilidade de acceder ao seu contido íntegro ou recepción— e, ademais, os servizos de MASC ICACOR emitirán unha certificación de

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

contido.

No caso de que non se dispoña dun correo electrónico de uso habitual pola parte contraria onde enviar o aviso de notificación, a invitación para negociar ou a oferta vinculante; pero si o seu domicilio ou dirección, remitiranse por correo administrativo certificado con acuse de recibo, completándose cunha certificación de contido, posibilidade de acceso ao seu contido íntegro ou recepción emitida polos servizos de MASC ICACOR.

Cuarta.- ***Créditos orzamentarios e contías derivados do convenio.***

O presente convenio financiarase co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102). A compensación prevista no presente convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade ata un importe máximo de **trinta mil euros (30.000,00 €)** sendo abonada ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña a cantidade de 18,00 € por cada servizo realizado.

O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña emitirá, con periodicidade trimestral e nos termos previstos na cláusula segunda, a correspondente certificación dos servizos do programa MASC ICACOR efectivamente realizados durante o período certificado. A certificación deberá identificar as intervencións realizadas e acreditar que responden a servizos incluídos no ámbito deste convenio. Cada intervención só poderá incluírse nunha única certificación, sen que poidan reclamarse en certificacións posteriores novos gastos correspondentes á mesma intervención, salvo no caso de corrección de erros materiais ou regularizacións debidamente xustificadas.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aboará ao Ilustre Colexio de Avogados da Coruña os gastos derivados das intervencións certificadas, mediante un pagamento único por cada intervención. Este pagamento terá carácter global e comprenderá todos os gastos xerados pola realización da intervención correspondente, sen prexuízo dos límites, requisitos e condicións económicas establecidos neste convenio.

Para estes efectos, Ilustre Colexio de Avogados da Coruña xunto coa documentación que acheguen para a xustificación trimestral da execución do convenio, presentará tamén un informe detallado onde se recollan todas as intervencións realizadas, especificando o procedemento, o nome das persoas profesionais e as actuacións que se xustifican.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o día da sinatura do convenio e o 23 de decembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 28 de decembro de 2026.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Para os efectos da xustificación e aboamento das actuacións incluídas neste convenio, entenderanse incluídos os servizos efectivamente realizados respecto de persoas ás que lles fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, aínda que a actuación de invitación a negociar ou de formulación de oferta vinculante se realizase con anterioridade á presentación ou á resolución da solicitude de recoñecemento do dito dereito, sempre que concorran

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

cumulativamente as seguintes condicións:

- Que a actuación garde relación directa co asunto para o que se solicite ou se recoñeza a asistencia xurídica gratuíta.
- Que o dereito á asistencia xurídica gratuíta sexa finalmente recoñecido pola comisión competente ou, se procede, que exista designación provisional de profesional de oficio vinculada ao mesmo asunto.
- Que o Ilustre Colexio de Avogados da Coruña incorpore á certificación trimestral a referencia identificativa do expediente de asistencia xurídica gratuíta ou, mentres este non exista, acredite a posterior vinculación da actuación co expediente correspondente.
- Que a intervención non fose xa incluída nunha certificación anterior nin financiada por outro concepto.

Quinta.- ***Confidencialidade da información e dos resultados.***

O Ilustre Colexio de Avogados da Coruña comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado ás persoas interesadas en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

transparencia e Goberno aberto.

Sexta.- ***Publicidade do convenio.***

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluirase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Sétima.- ***Efectos, modificación e extinción do convenio.***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cunha antelación de 30 días naturais á data en que se pretenda a súa expiración.

Este convenio poderase modificar por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa.

Así mesmo, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución do convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.

f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do convenio.

Oitava.- *Comisión de Seguimento.*

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará integrada por 4 membros, designados por cada parte firmante:

- Dúas persoas por parte da Administración de Xustiza da Xunta de Galicia:
  - A persoa que ostente a dirección da Dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.
  - A persoa que ocupe o posto da subdirección xeral de medios da Administración de Xustiza, que actuará como secretaria.
- Dúas persoas por parte do ICA da Coruña:
  - A persoa que ostente o cargo de Decano do Colexio, ou persoa

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

que a substitúa.

- A persoa que ocupe o posto de Secretario Técnico.

Reunirase como mínimo unha vez ao ano e facultativamente cando se considere necesario, a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

As funcións da comisión serán:

- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Novena.- ***Natureza xurídica e resolución de controversias.***

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve

A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima.- *Normativa aplicable*

O presente convenio de colaboración rexerase por:

- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- A Lei Orgánica 1/2025 de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza

De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, en duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data ao comezo sinalados.

Pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Polo Ilustre Colexio de Avogados da Coruña

Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Asinado por: JOSE FRANCISCO TRONCHONI ALBERT
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 25/09/2026 15:39:39

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AeOL7Zt9BB6 https://sede.xunta.gal/cve